



Resolución do 15 de maio relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa de 21 de marzo de 2023, do V Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Con data 21 de marzo de 2023, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa fixo pública a convocatoria do V Concurso de Podcasts - Radio na Biblio (en colaboración coa Radio Galega) destinado aos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que traballan coa radio como ferramenta pedagóxica, integrados ou non no programa Radio na Biblio. Tratábase de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados a estimular a valoración da lingua materna, reforzar a lectura en galego ou o achegamento ao mundo da edición e da tradución, e da importancia do activismo cultural a partir dos anos 50 do que foi protagonista, entre outros, o autor homenaxeado nas Letras Galegas 2023, Francisco Fernández del Riego.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado 7 da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por esta comisión de selección, e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, oitavo e noveno do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no V Concurso de Podcasts - Radio na Biblio, trala selección da comisión de selección na súa reunión do 9 de maio de 2023.

Segundo. Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican nas distintas modalidades.

Terceiro. Asignar as contías que se sinalan no mesmo Anexo I aos centros seleccionados, que deberán destinarse a melloras no equipamento e infraestrutura do laboratorio / emisora de radio ou para actividades relacionadas co funcionamento deste laboratorio de radio, sempre vinculado á Biblioteca do centro. Deste esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Cuarto. Conforme ao previsto no apartado 11 da convocatoria, os podcasts premiados serán difundidos pola Radio Galega a través das súas páxinas www.diariocultural.gal; así mesmo, serán difundidos a través dos medios web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (web de Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).



O alumnado implicado nos traballos seleccionados poderá visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras o acordo previo con esta entidade. Desde a Asesoría de bibliotecas escolares facilitaráselles o contacto pertinente, no seu caso. Da mesma forma, a Radio Galega poderá realizar entrevistas a algúns dos grupos responsables dos traballos seleccionados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

ANEXO I

TRABALLOS SELECCIONADOS NO V CONCURSO DE PODCASTS-RADIO NA BIBLIO

Mod.	Definición	Código	Centro	Concello	Provincia	Podcast	Asignación
I	Alumnado de infantil e 1º/2º Primaria	15032911	CEIP Juana de Vega	Oleiros	A Coruña	Entre sopas e versos	1.000,00 €
		15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	Cartas que vencen cancelas	1.000,00 €
II	Alumnado de 3º a 6º Primaria	15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	A Coruña	Camiño andado	1.000,00 €
		15008490	CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos	A Coruña	Francisco del Riego (entrevista)	1.000,00 €
		36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra	Descubrimos Lourenzá	1.000,00 €
III	Alumnado de Secundaria	36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	A Estrada	Pontevedra	Lembranzas galeguistas	1.000,00 €
		15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	A Coruña	Paco del Riego e o Galician Program	1.000,00 €
IV	Alumnado de BAC, ensinanza de Persoas Adultas ou Ciclos Formativos	36010733	CEE Saladino Cortizo	Vigo	Pontevedra	Carta a un amigo	1.000,00 €

